

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	31 de agosto de 2018
Duración	Desde as 21:05 ata as 23:44 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Marcos Besada Pérez
Secretario	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35566754Z	Carla M ^a Pérez Pérez	SÍ
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
76897695R	José Luís González Rodríguez	SÍ
35567092F	Marcos Besada Pérez	SÍ
35548188D	Miguel González González	SÍ
76908793J	Mirian González Rodríguez	SÍ
76909361Y	M ^a Dolores Castiñeira Alén	SÍ
76902797C	M ^a Teresa Pérez González	NON
34873897D	Primitivo González Rodríguez	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
35568513W	Verónica Tourón Domínguez	SÍ

35564737K	Ángela Ledo Souto	SÍ
76897189R	Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ
Escusas de asistencia presentadas:		
1. M ^a Teresa Pérez González: «Urxencia médica»		

Sr. Alcalde, disculpase a presenza da Concelleira Teresa Pérez, que esta en urxencias por unha indisposicion de última hora pola que non estará presente nesta sesión.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións de 27 de abril e 22 de xuño de 2018

a) Acta da sesión nº 3/2018, ordinaria de 27 de abril:

Sra. Tourón Domínguez: Páxina 27 no parrafo onde dí: "(..)Sr. Alcalde levamos hora media debatindo si se pasa ao inventario público un camiño ou no (...)" ese párrafo non o dixo o Sr. Alcalde ese párrafo é do Concelleiro de vías e obra Miguel González.

Páxina 49, na miña intervención no primeiro párrafo está a frase sen terminar "en cuestións de materia de igualdade ás queremos manter".

Paxina 51 e 65: Non ten moita importancia pero non se entende a intervención cos puntos tecleados, despois de "nos" e antes de "independentemente" e despois de "orçamento" e antes de "creemos" e que lle cambia totalmente o sentido.

VOTACIÓN: Polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 3/2018, ordinaria de 27 de abril, sendo aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes á sesión (ausente M^a Teresa Pérez González).

b) Acta da sesión nº 4/2018, ordinaria de 22 de xuño:

Sr. Rodríguez Davila: Queremos facer unha serie de cuestións de orde. Nese Pleno fixemos unha serie de preguntas e se nos dixo por parte do goberno que se nos contestaría por escrito, hai uns días recibimos esa contestación e quería propor que a contestación desas preguntas se inclúan na mesma acta, que non queden solapadas á acta do pleno de hoxe, o que daría e ter resposta a preguntas en acta diferentes en

plenos diferentes.

Quería que se matizase na segunda pregunta: “Quen é o Concelleiro ou Concelleira delegado da Policía Local” se nos contesta que é o José Luis Rodríguez González, entendemos que hai un erro.

Sr. Alcalde: Non hai ningún erro, está correcto.

Sr. Rodríguez Davila: Cando se nos conteste, solicitamos que se nos indique que concelleiro responde a pregunta. E por último na pregunta 3 ¿Cando teñen pensado dar autorización o acceso a documentación que temos solicitada, no tema da pista municipal en Ataúde en Picoña, esa pregunta está sen contestar e queremos que se nos conteste.

Sra. Pérez Pérez: Na páxina 41 obviouse na miña contestación o ano, que é o 2016.

Sra. Tourón Domínguez: Páxina 17, no terceiro párrafo cuarta liña, onde pon “A Xunta lle pagou o transporte escolar porque non hai nos seus centros” debe dicir “non hai nos seus concellos”. Na páxina 17, no seguinte párrafo terceira liña onde pon “absolutamente” hai que engadir “nada”.

VOTACIÓN: Polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 4/2018, ordinaria de 22 de xuño, sendo aprobada por OITO VOTOS A FAVOR dos Sres/Sras. Concelleiros/as, González Rodríguez, Castiñeira Alen, González González, Pérez Pérez e Besada Perez de Movemento Salceda e Tourón Domínguez e Ledo Souto do PSdeG-PSOE, e CINCO ABSTENCIÓN dos Sres/ras. Concelliros/as Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Rodríguez, González Rodríguez e Valcarcel Bernárdez do PP.

Expediente 2882/2017. Corrección de erro por omisión no acordo plenario de 22.12.2017.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sr. Alcalde: Hai un erro de transcripción no acordo adoptado polo Pleno do 22 de decembro de 2017, ten a palabra o Concelleiro da área, para que o explique.

Sr. González Rodríguez: Este segundo punto trata da modificación da ordenanza municipal aprobada o 29 de decembro de 2017 relativa ao IBI, que no acordo adoptado omitiuse unha parte da proposta que fora ao pleno, o que se propón é a rectificación da acta e en concreto a rectificación da ordenanza, en concreto se omitiu a modificación, que constaba de dúas letras, letra a) e letra b), omitiuse a última parte da letra b), que dou paso a leela: “ (...)B) Creación do artigo 3. Os suxeitos pasivos que

ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estean empadroados, sempre que o seu valor catastral non supere os 55.000,00 euros e que ademais o membros da unidade de convivencia non consten como titulares de outros inmoables (en calquera municipio) cuxo valor catastral (individualizado por inmovible) non supere os 11.000,00 euros.

A bonificación consistirá nun 40% para as familias numerosas de categoría xeral e do 50% para categoría especial da cota íntegra.

Para a aplicación da bonificación será requisito imprescindible a solicitude do suxeito pasivo, que deberá acreditar:

- *O empadramento na vivenda obxecto de solicitude dos membros da unidade de convivencia (trámite de oficio polo servizo correspondente do Concello).*
- *A condición e categoría de familia numerosa, por medio do documento oficial acreditativo.*

Esta bonificación concederase para cada exercicio debendo solicitala os suxeitos pasivos antes do 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos.

O interesado manifestará o cumprimento das condicións esixidas ou das variacións das circunstancias, xunto coa copia dos xustificantes necesarios. A falta de dita comunicación/solicitude suporá a perda para ese período impositivo do beneficio fiscal.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.”

Esta é aparte que se omitiu, por un erro administrativo este párrafo quedou sen publicar, agora trátase de emendar, para que se publique e unha vez que se publique, entrar en vigor de xa maneira directa.

Sr. Nuñez Troncoso: Cando se publicou e cando se detectou ese erro?, e si vai a aplicar os coeficientes de actualización do valor catastral para o 2019?

Sr. González Rodríguez: Publicouse o 1 de febreiro e o 13 de abril, e se detectou haberá un mes ou mes e medio.

Sr. Nuñez Troncoso: O proceso, polos cauces normais, dunha modificación de ordenanza debería levar tres ou catro meses, estamos con esta modificación agora mesmo en doce meses. É preciso recordar que este procedemento se inicia a iniciativa deste grupo cunha moción presentada o día 18 de agosto de 2017 e defendida en pleno o día 25, e dicir, un mes e 6 días mais tarde, con tempo con mais que suficiente para que dita modificación entrara en vigor no ano 2018, e xa neste

período os veciños se puideran beneficiar desta bonificación, tanto as familias numerosas coma os clasificados polo catastro coa clave AAL, que eran galiñeiros, galpón, etc... Nese pleno de agosto, o Alcalde, usou o verbo invocar, e invocou o artigo 168 do texto refundido da Lei de Facendas Locais, baseaba esa invocación nun informe anónimo, dicindo que a competencia desa moción do IBI era do propio Alcalde e non ía deixar votar a moción, visto iso este grupo solicitou un pleno extraordinario que se celebrou o 6 de novembro do mesmo ano, e nese pleno o Sr. Alcalde di que faltaban os informes preceptivos de intervención, que nos lle recordamos nese pleno que xa existían, nº 91 e 107/2015, que avalaban perfectamente o que este grupo defendía. Ben, se emite un novo informe por parte da Interventora Municipal para o pleno de decembro de 2017, onde se aprobou esta modificación, o que lle ven a dicir “que se avalaba perfectamente o que dicían os informes do 2015” é dicir, estívose mareando a perdiz durante 4 meses para non aplicar esta bonificación para o exercicio 2018.

O grupo de goberno ao día seguinte envía unha nota de prensa na que se di que a corporación aprobara unha rebaixa do IBI, o que non dicía a nota de prensa é que esa rebaixa do IBI se ía aplicar no 2019 e non no 2018, como era a pretensión deste Grupo. E por si fora pouco, o Alcalde, solicitou ao catastro unha actualización do valor catastral dun 8% o que implica que o límite establecido inicialmente ata o cal as familias numerosas se verían beneficiadas do 40 ou 50% segundo sexa categoría xeral ou especial, se reduce de facto e en vez de ser 55.000€ de valor catastral, ao aplicarlle a porcentaxe do 8% serán 51.000€, é dicir, todo inmovible onde resida unha familia numerosa que o seu valor catastral ascenda de 51.000€ xa non se pode aplicar esta bonificación, esta é a medida social que aplica o Sr. Alcalde e o seu Grupo de Goberno. O mesmo pasa cos galpóns, galiñeiros e construcións pequenas, que o límite estaba en 11.000 € e con este incremento pasa a 10.100 €. Incrementándose o IBI dende o 2011 ao 2018 en 37,52% en sete anos.

Con respecto á detección de erro, a 2ª publicación no BOP foi o 13 de abril, se o detectaron fai un mes, este Grupo no Pleno de 22 de xuño xa lle preguntamos por este erro, se puido levar aos plenos de abril e de xuño.

Con respecto da actualización, pedíronse actualización para o ano 2019?

Sr. González Rodríguez: Solicitouse a actualización de valores catastrais para este ano 2018, para o ano 2019 creo que non cheo a carta do catastro, non me lembro.

Sr. Nuñez Troncoso: A comunicación hai que efectuala segundo di o artigo 32.2 do Texto Refundido do Catastro Inmobiliario, antes do 31 de maio do exercicio anterior onde se vaia a aplicar o coeficiente. Só quero saber si se mandou ou non.

Sr. González Rodríguez: Non me lembro.

Sr. Alcalde: pide que se cingan ao punto da orde do día que é a corrección do erro.

Sr. Nuñez Troncoso: é necesario saber si se solicitou tal actualización de valores catastrais.

Sr. González Rodríguez: O revisarei e se lle contestará por escrito.

Sr. Nuñez Troncoso: da por feito que a resposta é “non se sabe”.

Sr. González Rodríguez: O valor medio catastral do Concello de Salceda, a día de hoxe, a media esta en 26.000 € están baixos porque a ponencia dos valores son do ano 1989, e senón fai unha comparativa co que se paga cos Concellos da contorna e te das conta que o que se paga de urbana no Concello de Salceda é dos mais baixos da área, ese é o dato económico que lle interesará á xente. Con esta corrección de erros as bonificacións serán de aplicación inmediata para 2019.

Sra. Tourón Domínguez: cree que se está a marear a perdiz, o que non se pode facer e repasar o que pasou en tres plenos anteriores, está ben facer un repaso, pero non volver a debater o que xa debateu en tres plenos para poñernos de acordo. Está ben que quede constancia de quen tivo a iniciativa pero non recapitular todo o que se fixo. Houbo un erro detectado polo Grupo Popular, o erro xa debería terse solucionado, tardouse en responder a esa advertencia, pero non procede darlle máis voltas, sobre todo cando estamos de acordo. O erro tiña que se ter detectado e corrixido moito antes. O que realmente importa é que se faga todo o posible para que se poida aplicar para no ano 2019, que non volva a pasar nada na publicación ou que se tarde en enviar. Nos vamos a apoialo porque entendemos que é un erro e espera que se publique a tempo para que se aplique no 2019.

Sr. Nuñez Troncoso: eles xa pediron que se aplicara para o 2018 e si non se aplicou no 2018 é culpa do Alcalde. Preocúpalle moito que se volva a subir no 2019 porque o concelleiro e o Alcalde o soltaron ao aire. Que Sito diga que non se lembra de si se solicitou a actualización para 2019 ou non preocúpalle moito máis. Respecto a Sra Tourón, está ben vir agora de “boniños” queixarse en todos o plenos, pero si o Alcalde está aí é porque vostedes queren que estea ahí entón que non veñan agora de boniños poñéndose de lado como que con vostedes non vai.

Sr. Tourón Domínguez: non vai a entrar nun debate de lucimento a ver quen fixo máis nesta lexislatura. O Alcalde está aí, como xa dixen no pleno de investidura, por que gañou as eleccións, porque o partido socialista cumpriu o que dixo que era “votarse a si mesmo na investidura” e o partido popular se abstivo na investidura del. Ese non é o debate, si queredes o debatemos en outro momento en calquera foro publico porqué goberna o Sr. Alcalde, neste pleno non ven ao caso. Repite que o PP se abstivo no pleno de investidura.

Sr. Alcalde, propón ao Pleno o seguinte acordo:

“1º- Rectificar o erro material existente no acordo adoptado polo Pleno municipal no

punto quinto da orde do día (Expediente 2882/2017) da sesión de data 22.12.2017, polo que se procede á aprobación da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con número de rexistro [2017-E-RC-4751](#), relativa á modificación da Ordenanza fiscal núm.21 reguladora do imposto de bens inmobles (IBI), de maneira que debe dicir o seguinte:

“Iniciar o procedemento de modificación da ordenanza fiscal nº 21 reguladora do imposto sobre bens inmobles tal como se describe a continuación:

A) Modificación/Ampliación do artigo 2. Queda redactado do seguinte xeito:

- 2.1 Tipo de gravame acordado en base ao establecido no art. 72 do RDL2/2004:
Bens urbanos :0.50%
Bens rústicos: 0.40%

- 2.2: Establécese como "tipo diferenciado" na contía do 0,40% a todos os inmobles calificados pola Dirección Xeral do Catastro con clave: AAL e cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000,00 euros.

B) Creación do artigo 3.

Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estean empadroados, sempre que o seu valor catastral non supere os 55.000,00 euros e que ademais o membros da unidade de convivencia non consten como titulares de outros inmobles (en calquera municipio) cuxo valor catastral (individualizado por inmovible) non supere os 11.000,00 euros.”

A bonificación consistirá nun 40% para as familias numerosas de categoría xeral e do 50% para categoría especial da cota íntegra.

Para a aplicación da bonificación será requisito imprescindible a solicitude do suxeito pasivo, que deberá acreditar:

- O empadramento na vivenda obxecto de solicitude dos membros da unidade de convivencia (trámite de oficio polo servizo correspondente do Concello).
- A condición e categoría de familia numerosa, por medio do documento oficial acreditativo.

Esta bonificación concederase para cada exercicio debendo solicitala os suxeitos pasivos antes do 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos.

O interesado manifestará o cumprimento das condicións esixidas ou das variacións das circunstancias, xunto coa copia dos xustificantes necesarios. A falta de dita comunicación/solicitud suporá a perda para ese período impositivo do beneficio fiscal.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.”

2º.- Publicar o presente acordo de corrección de erros no BOPPO rectificando así a omisión do anuncio publicado no BOPPO núm.72 de data 13.04.2018. “

VOTACIÓN: Polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación da proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, a aproba por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes á sesión (ausente M^a Teresa Pérez González), adoptando os seguintes acordos:

1º- *Rectificar o erro material existente no acordo adoptado polo Pleno municipal no punto quinto da orde do día (Expediente 2882/2017) da sesión de data 22.12.2017, polo que se procede á aprobación da moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con número de rexistro 2017-E-RC-4751, relativa á modificación da Ordenanza fiscal núm.21 reguladora do imposto de bens inmobles (IBI), de maneira que debe dicir o seguinte:*

“Iniciar o procedemento de modificación da ordenanza fiscal nº 21 reguladora do imposto sobre bens inmobles tal como se describe a continuación:

A) *Modificación/Ampliación do artigo 2. Queda redactado do seguinte xeito:*

- *2.1 'Tipo de gravame acordado en base ao establecido no art. 72 do RDL2/2004:
Bens urbanos :0.50%
Bens rústicos: 0.40%*

- *2.2: Establécese como "tipo diferenciado" na contía do 0,40% a todos os inmobles calificados pola Dirección Xeral do Catastro con clave: AAL e cuxo valor catastral sexa inferior a 11.000,00 euros.*

B) *Creación do artigo 3.*

Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estean empadroados, sempre que o seu valor catastral non supere os 55.000,00 euros e que ademais o membros da unidade de convivencia non consten como titulares de outros inmobles (en calquera municipio) cuxo valor catastral (individualizado por inmovible) non supere os 11.000,00 euros.”

A bonificación consistirá nun 40% para as familias numerosas de categoría xeral e do 50% para categoría especial da cota íntegra.

Para a aplicación da bonificación será requisito imprescindible a solicitude do suxeito pasivo, que deberá acreditar:

- O empadramento na vivenda obxecto de solicitude dos membros da unidade de convivencia (trámite de oficio polo servizo correspondente do Concello).
- A condición e categoría de familia numerosa, por medio do documento oficial acreditativo.

Esta bonificación concederase para cada exercicio debendo solicitala os suxeitos pasivos antes do 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos.

O interesado manifestará o cumprimento das condicións esixidas ou das variacións das circunstancias, xunto coa copia dos xustificantes necesarios. A falta de dita comunicación/solicitude suporá a perda para ese período impositivo do beneficio fiscal.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.”

2º.- Publicar o presente acordo de corrección de erros no BOPPO rectificando así a omisión do anuncio publicado no BOPPO núm.72 de data 13.04.2018. “

Expediente 2529/2018. Fixación de festivos locais para o ano 2019.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sr. Alcalde: A proposta da Alcaldía, a requirimento da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que por acordo plenario se fixe os festivos locais para o ano 2019 e tal como temos feito nos último anos, a proposta e as seguintes festas locais:

“1.- *Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2019:*

- 5 de marzo de 2019 (Martes de entroido)

- 22 de xullo de 2019 (Luns do Cristo)

2.- *Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.”*

Sr. Núñez Troncoso: como é costume mantemos os mesmos días. O noso voto é a favor.

Sra. Tourón Domínguez: como é tradición e non se cambia nada o noso voto é a favor.

Sr. González Rodríguez: Esta é a proposta do Goberno e como noutros anos mantemos as mesmas datas, o voto vai ser a favor.

VOTACIÓN: Polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, a aproba por por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes á sesión (ausente M^a Teresa Pérez González), adoptando os seguintes acordos:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2019:

- 5 de marzo de 2019 (Martes de entroido)

- 22 de xullo de 2019 (Luns do Cristo)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Expediente 2462/2018. Expediente 2462/2018. Modificación do artigo 4 da ordenanza municipal reguladora dos usos do auditorio municipal.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 5, En contra: 7,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. González Rodríguez: Este punto trata dunha modificación dun punto da Ordenanza Municipal reguladora dos usos do auditorio, en vigor dende o ano 2012, preténdese modificar o artigo 4, debido a necesidades, para dar cabida a regular as diferentes modalidades de relación cos terceiros que fagan uso do auditorio municipal. O que se pretende é a modificación seguinte:

“ARTIGO 4. SOLICITUDES E RELACIÓN COS TERCEIROS.

4.1 O acceso levarase a cabo mediante a presentación dunha instancia normalizada en impreso que se facilitará no Concello, presentada no rexistro Xeral do Concello e dirixida á Concellería de cultura.

A solicitude deberá estar totalmente cuberta, facilitando todos os datos solicitados na mesma e adxuntándose a documentación precisa que os acredite En todo caso na

mesma deberá de constar:

- a) *Identidade da persoa solicitante e, se é o caso, da entidade á que representa (nome e apelidos, enderezo e teléfono de contacto, NIF; CIF e enderezo social da entidade, correo electrónico a efectos de notificacións).*
- b) *Programa e duración da actividade que se pretende levar a cabo.*
- c) *Modalidade de acceso do público (entrada libre, invitación, pagamento de entrada...)*
- d) *Datas e horarios solicitados (inicio de montaxe, apertura de portas, despacho de billetes, fin da desmontaxe, etc.)*
- e) *Datos do persoal responsable durante o desenvolvemento, montaxe e desmontaxe da actividade.*
- f) *Lugar e data da solicitude*
- g) *Sinatura da persoa solicitante.*

Para garantir unha programación axeitada do uso por parte dos potenciais usuarios/as, as solicitudes deberán ser presentadas cunha antelación mínima de 15 días hábiles con respecto á data solicitada.

4.2. Establécense catro supostos de relación cos/coas terceiros/as que fagan uso do auditorio municipal, en función da modalidade de recaudación en taquilla:

- a) *Espectáculos/actividades gratuitas nas que persoa ou entidade que o organiza non percibirá ningún tipo de retribución polo acto realizado.*
- b) *Espectáculos/actividades sufragados na súa totalidade polo Concello de Salceda de Caselas, nos que o Concello realizará a recadación a través de taquilla nos termos que establece a correspondente ordenanza fiscal.*
- c) *Espectáculos/actividades sufragados na súa totalidade pola persoa ou entidade que o organiza, encargándose a mesma persoa ou entidade da venda de entradas e da correspondente recadación a través da taquilla, que será directamente percibida pola persoa ou entidade organizante, sen intervención municipal.*
- d) *Espectáculos/actividades a través dunha fórmula mixta, nos que se establece un caché previamente que garante unha cantidade mínima que vai ser percibida pola persoa ou entidade organizadora, asumindo o Concello a diferenza ata o total do caché establecido no caso de que non se acadase dita cantidade por completo a través da recaudación na taquilla.*

O Concello poderá facilitar a venda de entradas en instalacións municipais e con persoal municipal dentro dos horarios de actividade de ditas instalacións e persoal.

No presente suposto, suscribírase un convenio entre o Concello e a entidade ou persoa

organizadora aos efectos de regular, entre outros extremos, o importe da cantidade a percibir e o abono da mesma, sen prexuízo do que se determine na correspondente ordenanza fiscal.

4.3. Será por conta da entidade ou persoa organizadora a obtención dos permisos necesarios para o desenvolvemento das actividades ou espectáculos así coma o pago correspondente aos dereitos de autor derivados das representacións, actuacións e outros que se realicen, en cumprimento das obrigacións derivadas da Lei da Propiedade Intelectual.

No suposto descrito no artigo 4.2.d) da presente ordenanza será o Concello de Salceda de Caselas quen asuma estas obrigacións.”

Segue o Sr. Rodríguez González: Este é o texto que se pretende modificar da Ordenanza do uso do auditorio, concretamente o artigo 4º, basicamente para regular as distintas relacións que se fagan co Concello, conta co informe favorable da Secretaria Municipal, unha vez aprobada, si procede, en sesión plenaria se publicaría no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Rodríguez Davila: Fai un ano no pleno de agosto, este Concelleiro propuxo publicamente unha alternativa a este Goberno, un ano despois as consecuencias que naquel momento me fixeron dicir o que dixen, non é que as manteñan é que os motivos nos sigan amparando e que se seguen multiplicando e o caso é entre outros aquí. Non podo permitir que vostede (Sra. Tourón Domínguez) veña a recriminar a labor que este Grupo que está a facer e en concreto no día de hoxe ao noso compañeiro Joaquín, desmontándolle con documentación punto por punto a este goberno a nefasta xestión económica e que vostede salga na súa defensa e se poña de perfil ao respecto. Se lle molesta a labor que está a facer este grupo ten un problema, nos non somos inimigos de ninguén, o que queremos e que nos traten con respecto coma nos tratamos aos demais, vostede faga a oposición que considera e nos xa faremos a nosa. Lle recordo o que dixen con respecto das eleccións do ano 2015, lle recordo o que fixo o PSOE no ano 2011 e lle recordo o que lle dixen si vostede vai seguir mantendo a postura do ano 2015, si vai a respectar o acordo da urnas ou dependendo dos acordos das urnas van a actuar coma no ano 2011? Non se acorda o que lle dixen o PSOE aos traballadores en anteriores lexislaturas? O PSOE adquiriu uns compromisos que logo non defendeu onde os tiña que defender, cando co-gobernaba co alcalde actual. O PSOE actúa negándolle dereitos a eles mesmos e ao grupo PP, como é a negación de acceso aos expedientes durante meses, negando que se podan someter a pleno expedientes e debates. Pide medida e respecto, non pode admitir a reprimenda que se lles deu pola intervención de Joaquín.

Desexarlle unha pronta recuperación a Concelleira de Cultura, tiña moito interese en debatir este punto e igual hai que facelo en outros plenos seguintes. O goberno trae a pleno a modificación desta ordenanza, tristemente e copia e pega do que dixo a Sra. Concelleira no pleno de 30 de xuño, se quere modificar o artigo 4 da ordenanza actual e engadir unha serie de cuestións respectos das modalidades que se poden dar á hora de utilizar o auditorio municipal. Casuisticamente o que dixo a Sra. Concelleira o ano pasado, referíndose a un convenio mixto entre o Concello e os artistas ou Grupos e exactamente o que agora queren trasladar á Ordenanza municipal. Naquel pleno a Sra. Concelleira dixo textualmente: "hai unha fórmula mixta onde o artista se leva o prezo da taquilla, o prezo neste caso sendo para o artista aínda que non son libres si é certo que son pactados co Concello por iso se fai unha fórmula mixta e o Concello asume a diferenza do seu caché" "como vos digo utilizouse unha fórmula mixta, hai unha folla, ídesme preguntar si é un documento oficial, non sei si é un documento oficial ou non é unha folla de rexistro de taquilla que firma esta Concelleira mais o representante da empresa" iso dicía hai un ano e dous meses a Sra. Concelleira de Cultura neste pleno cando o grupo PP detectou o que denominamos "caso auditorio".

Agora se quere trasladar dándolle validez xurídica a esa forma esa fórmula mixta que por aquel entón a Sra. Concelleira defendeu e que non existía tal fórmula mixta legalmente no uso do auditorio municipal, e dicir, están vostedes omitindo unha presunta irregularidade, porque queren poñer na Ordenanza municipal o que fixeron anteriormente de forma presuntamente irregular.

Dado que no apartado A, B e C deste punto 4.2, establécense tres fórmulas perfectamente delimitadas e que para o tamaño do noso Concello, para o que se fai, se pode facer ou se ven facendo no auditorio municipal é mais que suficiente, é clarificador e para nada é necesaria esta fórmula mixta que agora queren incluír para emendar o que fixeron presuntamente atrás. Nos non estamos de acordo co apartado d) desta modificación Ordenanza, polo que facemos de forma verbal unha emenda para que se retire ese punto d) así como tamén que se retire o último párrafo que se refire o punto 4.2 d), non é necesario que iso vaia na Ordenanza. Polo demais estamos de acordo co Ordenanza sempre que se retire ese apartado d). Porque entendemos que non é para nada necesario, porque o que se pretende facer é seguir unha interpretación da norma deixando abertos supostos casos que se poidan dar e non ten atado en corto as presuntas irregularidades que se puideran dar no futuro. Porque entre outras cousas, cando din que "o Concello poderá facilitar a venda de entradas en instalacións municipais..." no queda claro quen controlará o tickets. quen vai facer a recadación, etc.... Esa modalidade non é necesaria, ou fai a actuación o Concello, a contrata o Concello e a paga integramente o Concello ou fai a actuación unha empresa privada previo aluguer do auditorio e que se encargue a empresa de toda a xestión ao respecto, polo tanto non vemos a necesidade de buscar esa fórmula mixta, porque os cartos teñen que entrar no Concello cousa que non aconteceu nas tres actuacións que denunciámos o ano pasado e os cartos teñen que saír do Concello

a través de pago de facturas.

Insiste en que emendamos esta ordenanza solicitando a retirada do punto d) así como tamén o último párrafo que se refire ao 4.2.d).

Sra. Tourón Domínguez: cree que a aprobación desta modificación da ordenanza de usos tería que vir tamén parella coa modificación da Ordenanza fiscal, que reflecta eses cambios da Ordenanza de usos, entre outras cousas porque fala de 15 días de prazo de antelación cando na ordenanza fiscal fala de que si alguén o anula 10 antes desta autorización perde o ingreso realizado, si nunha falamos de 15 días para a autorización e outra de 10, non coinciden os prazos, creemos que a aprobación ten ir en paralelo.

Por outra banda creemos que está incompleta, xa no pleno do ano pasado ao que se refería o compañeiro do Partido Popular xa dixen que era unha “chapuza” o que se estaba facendo e creo que aquí o que se pretende é regularizar esa chapuza pero para permitir seguir facéndoa, pois se non sabemos quen vai a ir nese convenio, quen vai a fiscalizar e controlar esa recadación, cando non queda ben estipulado di que a pode facer a empresa ou o propio Concello, non temos control ou fiscalización, que era do que nos queixabamos xa naquel pleno do “caso auditorio”. Repite a necesidade de que se actualice tamén a ordenanza fiscal. Ademais creo que está incompleta pois non inclúe os actos que se fan por familias, benéficos, que se están facendo ao marxe da ordenanza e cree que hai que intentar facer as cousas ben e ao completo.

En canto ao inicio da intervención do voceiro do partido popular en defensa do seu compañeiro, primeiro eu non saín en defensa do grupo de goberno o único que dixen é que todos estabamos de acordo neses tres plenos e que todo o que se estaba dicindo aquí xa estaba dito, de feito, o portavoz do partido popular ten constancia de sobra de que apoiamos o seu traballo, pois neses tres plenos apoiamos a súa iniciativa, pero non vou entrar nese debate, non estamos nun mitin aínda que só falten oito ou nove meses para as eleccións. Cree que no pleno hai un compromiso institucional que hai que defender aquí polo que este o lugar para discutir quen ten que gobernar e repito o que xa lle contestei ao outro concelleiro Sr. Núñez. Creo que non lle lin a cartilla a ninguén, pero si eu non teño dereito a leela a ninguén, igualmente ninguén ten dereito a lerme a min, como a acaba de facer vostede. En canto aos traballadores, o noso compromiso cos traballadores trasladámoslo a quen llo tiñamos que trasladar que era os representantes dos traballadores, apoiamos, como xa quedou patente no pleno anterior, que se solicitou por parte deste Grupo para que se lles deixase participar no pleno e se puidese explicar, creo que non hai dúbida niso, e si hai tanto eu como a miña compañeira nos poñemos a disposición dos representantes ou os propios traballadores para aclarar todo o que sexa necesario, o que si estamos mantendo é esa independencia política dos traballadores de querer eles loitar pola causa, que foi o que se nos trasladaron a nos, non sabe si a

outro grupo se lles trasladou outra cousa. O apoio por suposto ao cen por cen.

Sr. González Rodríguez: O que pretendemos con esta modificación da Ordenanza é regular as distintas relacións que poidan ter o Concello con actividades que poida ter o Concello e non estamos contemplando ningunha regulación ilegal, pois conta co informe favorable da Secretaria, dando lectura ao punto 8 deste informe que sinala que o contido é conforme coa legalidade. Contemplamos unha necesidade e así o facemos a través desta modificación.

Sr. Rodríguez Davila: Ninguén lle está a dicir que sexa ilegal o que vostedes pretenden aprobar, e estamos como sempre, cando os informes internos son favorables os lemos e cando os informes veñen con reparos eses non os lemos, e entón pedimos informes externos que pagamos con fondos do Concello para que se informe favorable á pretensión do Alcalde e do goberno, omitindo os informes de secretaría e intervención que son desfavorables.

Non é necesaria esta fórmula mixta, están dándolle un atenuante á presunta irregularidade que fixeron en vistas do sucedido e que non había ningunha ordenanza municipal que amparase o que fixeron anteriormente e agora queren corrixilo. O que estea feito ben ou mal no pasado non implica que se modifique cara ao futuro, pero pode ser unha atenuante no suposto caso de que se chegue aos tribunais. Pero ademais é que non é preciso, mais cando non se actualiza a ordenanza fiscal. O grupo PP xa non votou a favor desa ordenanza fiscal no seu día por estar en desacordo co tema das idades nos prezos das entradas e dos custes das actuacións. Non comparten a modificación que hoxe se trae a este pleno e insisto, facemos unha emenda solicitando a retirada dese punto d) e tamén as dúas liñas do artigo 4.3 onde di “no suposto descrito no apartado 4.2 d)”, si atenden á retirada deses apartados este Grupo apoia a modificación da ordenanza, se non, votaremos en contra.

Alcalde: O artigo 97. 5 do ROF é claro en canto á emenda, debe presentarse mediante escrito ao Presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto. Esta emenda non foi presentada por escrito polo tanto non ten cabida. Votaremos a votación do texto tal como foi redactado e así pasou pola Comisión Informativa.

Sr. Rodríguez Dávila: Somos coñecedores dese artigo de ROF pero vostede sabe que estamos nun pleno e se hai vontade política, tal como se fai coas mocións e se acorda modificar algún punto do acordo, se hai vontade política de retirar ese punto b), pódese someter a votación a emenda.

VOTACIÓN: Polo Sr. Alcalde sométese a votación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, **NON** a aproba, por **CINCO VOTOS A FAVOR** dos Sres/Sras. Concelleiros/as, González Rodríguez, Castiñeira Alen, González González, Pérez Pérez e Besada Perez de Movemento Salceda, e **SETE VOTOS** en

CONTRA dos Sres/ras. Concelliros/as Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Rodríguez, González Rodríguez e Valcarcel Bernárdez do PP e Tourón Domínguez e Ledo Souto do PSdeG-PSOE.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o 2018-0602 de 19 de xuño ata o 2018-0806 de 27 de agosto.

Dáse conta dos decretos dende o 2018-0602 de 19 de xuño ata o 2018-0806 de 27 de agosto.

Mocións de urxencia (artigo 91.4 ROF)

1.- Moción presentada polo Grupo Municipal Movemento Salceda o 28 de agosto de 2018, 2018- E-RPLN-34. "Apoio ao Concello de Rianxo, de apoio ao pobo de Palestina"

Sr. González González: Da lectura a Moción seguinte:

"O pasado 31 de maio o Pleno Municipal do Concello de Rianxo debateu unha moción presentada por Rianxo en Común de "apoio ao pobo palestino". No texto, aprobado por unanimidade cos votos de BNG, PP, PSdeG e Rianxo en Común, o Concello comprométese a "non establecer convenio, contrato ou acordo de ningún tipo con institucións, empresas ou organización israelís ata que Israel non recoñeza o dereito á autodeterminación do pobo palestino e acate o dereito internacional". A moción declaraba a Rianxo "Espazo Libre de Apartheid Israelí" e instaba ao Goberno central e galego "a poñer fin as relacións privilexiadas que se manteñen co Estado de Israel". Pechábase co mandato de remitir o acordo aprobado ás embaixadas de Palestina e Israel en España. Na moción denunciábanse "as graves violacións dos dereitos humanos cometida polo Estado israelí contra a poboación palestina" a "impunidade da que goza Israel" e a "incapacidade da comunidade internacional para sancionar a ese estado polas súas contínuas, sistemáticas e deliberadas violacións do dereito internacional humanitario".

A embaixada de Palestina agradeceu a solidariedade dos rianxeiros e rianxeiras e púxose á disposición do Concello de Rianxo pero, pola contra, un bufete de avogados israelí vén de presentar unha demanda contra o Concello, unha acción detrás da que o Goberno local ve a man do propio Estado de Israel, que dende hai anos promove est tipo de iniciativas xudiciais contra aquelas institucións, colectivos ou persoas que apoian a campaña de boicot

aos produtos israelís ou de desinvestimentos no país asiático. Nos últimos anos un cento de localidades de todo o Estado, entre elas Compostela e Teo, aprobaron mocións semellantes e en case tódolos casos bufetes israelís iniciaron accións xudiciais para anular estes acordos. Xa no ano 2014 Israel declaraba "Inimigo" ao Parlamento de Galicia polo apoio dado na Cámara Galega aos dereitos dos palestinos e palestinas.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Movemento Salceda propón ao Pleno da Corporación Municipal de Salceda de Caselas a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- *Manifestar o apoio do Concello de Salceda de Caselas ao Concello de Rianxo, na súa defensa da liberdade do pobo de Palestina ante os ataques de Israel.*
- *Manifestar a solidariedade do Concello de Salceda de Caselas con Palestina, a defensa dos dereitos humanos e da legalidade internacional, que Israel leva décadas vulnerando, ignorando as resolucións da ONU.*
- *Dar traslado dos presentes acordo Concello de Rianxo e ás embaixadas de Israel e Palestina en España."*

Polo sr. Alcalde sométese a votación a URXENCIA da moción e o Pleno da Corporación Municipal, aproba por SETE VOTOS A FAVOR dos Sres/as Concelleiros/as Grupo Municipal Movemento Salceda e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, e CINCO ABSTENCIÓNS dos/as sres./as concelleiros/as do Partido Popular

Sr. Rodríguez Davila: Primeiro dar o noso respecto a calquera persoa de calquera lado que estea sufrindo diferentes actos de violencia, pero o que non podemos é entrarlle ao xogo a un goberno municipal que pretenda poñer una cortiña de fumo tendo na casa os problemas que ten e que cando fala nunha moción de dereitos e de legalidade. Se un Goberno Municipal a única moción que trae ao pleno é unha moción do Concello da Coruña, xa dí moito deste Goberno, sobre todo cando ten o "petate" que ten de portas a dentro, e cando ten a xestión económica como a ten, sen orzamento dende fai tres anos, e pretenden que os grupos municipais debatamos mocións que nos pillan un pouco lonxe tanto na capacidade lexislativa, ningunha, como tamén na capacidade de decidir cos datos que poidamos ter os concelleiros aquí presentes.

É unha pena que o Grupo Movemento de Salceda, digamos de Mareas de Podemos, non traian tamén unha moción en defensa do pobo venezolano. Eu pediría un pouco de rigor a hora de traer mocións ao Pleno, por suposto estamos todos de acordo na

defensa dos dereitos dos seres humanos, pero unha cousa é dicilo de boquilla e outra cousa é cando alguén ten a posibilidade de legislar, de acordar, de pactar e de recoñecer os dereitos laborais, entre outros, das persoas.

Non vamos a entrar ao xogo e non vamos a apoiar esta moción, polo momento en que a traen.

Sra. Ledo Souto: Entendemos que é importante apoiar estas causas, porque creemos que os dereitos humanos débense cumprir e intentar, que como formigas, entre todos, que se cumpran os dereitos da ONU e sobre todo o dereito internacional, que somos todos persoas. Este conflito dura casi 70 anos, ten capítulos moi vergonzosos e tristes como o do pasado maio, que mais de 600 palestinos resultaron mortos e mais de 3.000 resultaron feridos, mentres Israel neste momento esta avalado e alimentado polo EE.UU. Para o pobo palestino é unha situación insoportable e a que todos deberíamos apoiar para que cesara esa persecución. Para o Grupo Socialista este tipo de iniciativas, sexan en mellor ou pero momento, entendemos que si se traen debemos apoialas.

Sr. González González: Agradecer o apoio do Grupo Socialista a esta moción de carácter humanitario e reprender ao Grupo do Partido Popular porque non se poden mesturar as cousas, o apoio aos traballadores do Concello non ten nada que ver co apoio á causa palestina, son dúas cousas completamente distintas, nos tamén apoiamos aos traballadores do Concello, pero non se pode mesturar as cousas. En canto a que non tedes datos para decidir é mentira, no Parlamento Galego o PP votou a favor das mocións do pobo palestino, en Rianxo o Grupo Popular votou a favor deste moción.

Segue o Sr. González González facendo unha contextualización do conflito dende a creación do estado de Israel no ano 1948, cun continuo abuso dos palestinos, un aparheid intolerable e destacando a aprobación recentemente, este mesmo ano, da Lei Estado Nación, na que entre outras cousas se declara o hebreo como única lingua, os palestinos poden ser detidos sen acusación nin xuízo, etc..., por todo iso promobemos o boicot aos produtos israelies, xa que a UE non toma cartas no asunto porque o lobby xudeu é moi poderoso, polo menos estas iniciativas humanitarias que se están levando en outros concellos de España, que pensamos que son moi necesarias.

Sr. Rodríguez Davila: Insisto a decisión deste grupo respecto do contexto actual do Pleno actual no día de hoxe, ninguén esta en contra dos dereitos das persoas, pero por iso mesmo, aquí están persoas que están reclamando os seus dereitos, e vostede ten capacidade de legislar para esas persoas, vostede e o alcalde teñan capacidade de negociar, recoñer, respectar os dereitos das persoas neste Concello e a día de hoxe ningunha desas cousas se están dando.

Polo sr. Alcalde sométese a votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal,

aproba por **SETE VOTOS A FAVOR** dos Sres/as Concelleiros/as Grupo Municipal **Movemento Salceda** e do Grupo Municipal do **PSdeG-PSOE**, e **CINCO ABSTENCIÓNS** dos/as sres./as concelleiros/as do **Partido Popular**, adoptando o seguinte acordo:

- Manifestar o apoio do Concello de Salceda de Caselas ao Concello de Rianxo, na súa defensa da liberdade do pobo de Palestina ante os ataques de Israel.
- Manifestar a solidariedade do Concello de Salceda de Caselas con Palestina, a defensa dos dereitos humanos e da legalidade internacional, que Israel leva décadas vulnerando, ignorando as resolucións da ONU.
- Dar traslado dos presentes acordo ao Concello de Rianxo e ás embaixadas de Israel e Palestina en España.

2.- Moción presentada polo Grupo Municipal Movemento Salceda o 28 de agosto de 2018, 2018- E-RPLN-35, de apoio á plataforma "Defende a Galega" e aos/ás profesionais de CRTVG e de CRTVE-Galicia nas súas reivindicacións por un traballo libre e independente.

Sr. González Rodríguez: Da lectura a moción seguinte:

"No ano 2011 aprobouse a Lei 9/2011, de 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia para garantir, entre outras cousas, a pluralidade obxectividade dos medios audiovisuais en Galicia. A lei recolle no seu artigo 4 "A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural" para a CRTVG, así como "a creación dun consello de informativos como órgano interno de participación dos profesionais da información da Corporación RTVG, co fin de velar pola independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos por todas as súas canles "no artigo 36.

Sen embargo, sete anos despois a realidade é ben diferente, e o pasado 31 de maio os/as profesionais da radio e televisión pública galega deciden unirse ás protestas que xa viñan mantendo en CRTVE a través dos denominados "Venres negros", manifestando a súa disconformidade co control governamental da Televisión de Galicia e da Radio Galega.

A plataforma "Defende a galega", creada no marco destas protestas ven defendendo dende entón a súa imparcialidade política, e o seu único interese en reivindicar uns medios públicos que só defendan aos galegos e galegas, destacando como principal demanda a creación do Consello de Informativos que establece a lei, e que nunca chegou a ser posto en funcionamento, como unha ferramenta fundamental que garanta o traballo independentes e das profesionais que traballan na TVG e na RG.

Por outra banda, inciden os traballadores e as traballadoras no risco real de desmantelamento da entidade pública, tal e como ven acontecendo co peche das delegacións da TVG existentes ata fai poucos anos, coa eliminación das desconexións da Radio Galega e do Diario Cultural e co cada vez máis crecente esmorecemento da produción propia.

Un dos pasos máis recentes, e que por vez primeira organizan conxuntamente os comités de empresa da CRTVG e de CRTVE-Galicia, é a convocatoria da manifestación pola dignidade dos medios públicos de comunicación o vindeiro 8 de setembro en Compostela, que suporá un acto de reivindicación conxunto dos empregados e empregadas de ámbalas dúas entidades, e que percorrerá o camiño entre as sedes dos dous medios en San Marcos ata rematar na Praza das Praterías, que dará sen dúbida unha maior visibilización ás protestas e reclamacións dos e das profesionais que forman ámbolos dous medios.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de Movemento Salceda solicita do Pleno Municipal de Salceda de Caselas a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia ao cumprimento íntegro da lei 9/2011, de 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, garantindo a creación do Consello de Informativos que aparece recollido en dita lei.
- Manifestar o apoio do Concello de Salceda de Caselas á plataforma "Defende a Galega" e aos/ás profesionais de CRTVG e de CRTVE-Galicia nas súas reivindicacións por un traballo libre e independente.
- Manifestar o apoio do Concello de Salceda de Caselas á manifestación pola dignidade dos medios públicos de comunicación o vindeiro 8 de setembro en Compostela.
- Dar traslado dos acordos ao Goberno da Xunta de Galicia e á plataforma "Defende a Galega".

Polo sr. Alcalde sométese a votación a URXENCIA da moción e o Pleno da Corporación Municipal, aproba por UNANIMIDADE dos doce membros asistentes a este sesión.

Sr. Rodríguez Davila: Seguimos mantendo a postura que na moción anterior. Decir que os medios de comunicación teñen unha labor importante e polo tanto pedirlle que den visualización do que esta sucedendo no Concello de Salceda cos traballadores.

Sra. Tourón Domínguez: O noso Grupo vai apoiar esta moción e por suposto defendemos medios independentes e plurais, levan 14 semanas con esta loita esperamos que non teñan que seguir moitos meses mais, como esperamos que os traballadores deste Concello non teñan que asistir ao Pleno nestas condicións.

En canto aos apoios ou non ás mocións, dicirlle que o público que asiste aos plenos non vai encontrar nunca no Grupo Socialista un rexeitamento a calquera tipo de moción que defenda a igualdade veña de quen veña, por iso porque defendemos a igualdade, gostaríanos que este tipo de mocións que trae Movemento Salceda viñese tamén plasmado o problema que teñen os traballadores do Concello. Se isto se vai a convenir nun mitin político o PSOE non o vai a facer, apoiarán calquera tipo de moción que apoie as liberdades, os dereitos humanos e os dereitos individuais e dos traballadores.

Sr. Rodríguez González: Consideramos preocupante que non se lle dea liberdade de expresión aos informativos ou aos medios galegos públicos, pagados con diñeiro dos cidadáns, así nolo transmite a Plataforma e queren aportar o seu grao de area desde Movemento Salceda. Nos preocupa que se desmantele a información propia feita en Galicia, por iso presentamos esta moción en apoio as súas reivindicación.

Polo sr. Alcalde sométese a votación a moción e o Pleno da Corporación Municipal, aproba por **por SETE VOTOS A FAVOR dos Sres/as Concelleiros/as Grupo Municipal Movemento Salceda e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, e CINCO ABSTENCIÓNS dos/as sres./as concelleiros/as do Partido Popular, adoptando o seguinte acordo:**

- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia ao cumprimento íntegro da lei 9/2011, de 9 de novembro dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, garantindo a creación do Consello de Informativos que aparece recollido en dita lei.

-Manifestar o apoio do Concello de Salceda de Caselas á plataforma "Defende a Galega" e aos/ás profesionais de CRTVG e de CRTVE-Galicia nas súas reivindicacións por un traballo libre e independente.

- Manifestar o apoio do Concello de Salceda de Caselas á manifestación pola dignidade dos medios públicos de comunicación o vindeiro 8 de setembro en Compostela.

- Dar traslado dos acordos ao Goberno da Xunta de Galicia e á plataforma "Defende a Galega".

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (presentado despois da convocatoria) presentado o 28/8/2018

Sra. Tourón Domínguez: Da lectura o rogo seguinte:

"Que se defina un procedemento directo para a consulta do rexistro e se cumpran

os prazos na autorización de acceso á documentación por parte dos grupos políticos.

Dende o grupo socialista levamos tempo sufrindo o retraso na entrega de documentación e na autorización de consulta do rexistro. Entendemos en que nalgún caso a posta a disposición de documentación pode demorarse máis alá do prazo estipulado, pero non se entende de ningún xeito que iso suceda no caso de acceder simplemente a consultar o rexistro.

Por iso, cremos que se pode establecer un mecanismo no cal, se nos dé acceso inmediato para consultar o rexistro, establecendo un periodo de tempo (por exemplo os 5 primeiros días do mes acceder a todo o rexistro do mes anterior, cada 15 días ...) ou calquera outra fórmula que permita non ter a demora de tempo en recibir a autorización de alcaldía para a consulta.

Por outra banda, no acceso á información: expedientes, copias, etc, o retraso é tal que na maioría dos casos temos que esperar máis de 3 meses para poder acceder a ela.

Por ese motivo, o Grupo Municipal Socialista, vendo limitada a súa labor de fiscalización, solicita que se estipule un mecanismo directo para a consulta do rexistro por parte dos grupos políticos e que o acceso á información solicitada se realice dentro dos prazos que establece a lei."

Rogo: MELLORA DO CAMIÑO BAIXADA A CHANCIÑA - SAN XURXO DE ACCESO OS DEPÓSITOS DA TRAÍDA DE AUGA

Sr. Rodríguez Davila. *"O estado no que se atopa o camiño Municipal da Baixada a Chanciña – San Xurxo, que da acceso os depósitos da traída de augas da Vendanova – Mariña – Laxe e parte de Altamira, é LAMENTABLE.*

Imposibilita que os usuari@s, así como as empresas que fan traballos nos depósitos, o igual que o servizo de sanidade, poidan baixar con vehículos, tend que faceto en tractor ou camiñando.

Con data 13 de xullo de 2017, a Xunta Directiva da Traída de Augas, presentou un escrito solicitando a mellora do camiño. En vista de que as boas palabras do Concelleiro e Alcalde quedaron en nada, o día 13 marzo deste ano 2018, voltaron recordarlle a situación, e a imposibilidade de cumprir en condicións, o esixido por Leí, solicitándolle que deran resposta por escrito a esa petición de mellora dedito Camiño. A día de hoxe, nada de nada.

Por todo o exposto anteriormente:

ROGO: A MELLORA DO CAMIÑO BAIXADA A CHANCIÑA – SAN XURXO DE ACCESO OS DEPOSITOS DA TRADA DE AUGA”

Rogo: ROGO INICIAR EXPEDIENTE E ASUMIR O CUSTE DE ROTULACIÓN DE BOLSAS REUTILIZABLES DOS COMERCIOS QUE ASÍ O SOLICITEN

Sr. Rodríguez Davila: Da lectura ao rogo seguinte:

“Hai unhas semanas, o Concello asumiu o custe da rotulación das bolsas reutilizables que os postas da praza de abastos regalaron @s clientes/as. Parécenos unha moi boa iniciativa a que tiveron @s praceir@s, e respaldamos o pago da impresión (xa que o custe da propia bolsa, asumírona os propios empresarios) con cargo o orzamento municipal, (confiamos que se fixera a pertinente retención de crédito para afrontar o pago de dita factura). En aras de TRATAR POR IGUAL a todo o comercio local, e utilizar a mesma "bara de medir",

PROPOMOS: que o goberno poña en marcha a iniciativa de custear a serigrafía das bolsa dos comercios que así o soliciten, dándolle a publicidade necesaria para que todo o comercio seña coñecedor, cuns criterios de máxima cantidade por local, así como dar a oportunidade os comerciantes de opinar sobre posibles criterios a aplicar (por sectores, por metros de local, por pago de recibo de recollida do lixo.).

Por todo o exposto anteriormente:

ROGO: INICIAR EXPEDIENTE E ASUMIR O CUSTE DE ROTULACIÓN DE BOLSAS REUTILIZABLES DOS COMERCIOS QUE ASI O SOLICITEN.”

Asumir o custe de rotulación de bolsas reutilizables dos comercios como tamén se asumiu o custe aos praceiros, do que se trata e de tratar a todos os comercios por igual.”

Rogo: ESTADO ABANDONO DA AVDA. DE GALICIA CRUCE CLARÍN - CRUCE CORREOS.

Sr. Rodríguez Davila: Da lectura ao rogo seguinte:

“Unha vez máis, damos traslado das queixas d@s veciñ@s, en esta ocasión respecto do estado de abandono a día de hoxe da Avda. de Galicia, tanto na limpeza como no mantemento das beirarrúas, sumideiros ou mesmo das tapas dos pozos de saneamento que fan ruido cando son pisadas por vehículos.

Por todo o exposto anteriormente,

ROGO: A MELLORA DO ESTADO DA AVDA. DE GALICIA"

Rogo: ROGO MELLORA DA PISTA BARREIRO - PICOÑA

Sr. Rodríguez Davila: Da lectura ao rogo seguinte:

"Tan só hai que ver as fotos desta pista municipal, para darse de contado que teñen que padecer @s usuari@s da mesma, o igual que toda a clase de vehículos que por ela pasan. Está moi deixar pasar os Rallyes pelas estradas municipais, pero o que decía vostede fai algúns anos o respecto, parece que non se está aplicando o "conto", Alcalde.

Por todo o exposto anteriormente,

ROGO: MELLORA DA PISTA BARREIRO- PICOÑA"

Preguntas do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentadas o 31.07.2018

Sr. Alcalde: Estas preguntas veñen do Pleno ordinario do 22 de xuño. Da lectura as respostas das preguntas, seguintes:

"CONCELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE. SANEAMENTO

-Temos coñecemento dalgunhas zonas de Salceda onde se está vertendo á estrada cando lle pasa o saneamento pola porta. - Están dando de alta de oficio o saneamento cando é o caso de que teñen o servizo?

Non temos coñecemento sobre os casos concretos aos que se refire, agradecemos que amplíen a información para poder dar parte ao Consorcio de Augas do Louro e facer os trámites necesarios.

CONCELLEIRA DE BENESTAR SOCIAL. A GALIÑA AZUL.

-Hai varios meses o concello decidiu poñer armarios a través do Plan Concellos na Galiña Azul, en cambio cando o grupo socialista solicitou que se financiase a través do mesmo plan o aire acondicionado, a resposta do grupo de goberno foi que non era competencia e a día de hoxe continúa sen instalarse - Que criterios se utilizan para decidir que obras ou servizos teñen prioridade na Galiña Azul?.

Tanto a instalación de aire acondicionado, como a colocación de estanterías non son competencia de este Concello, pois non son obras de mantemento. Si se decidiu financiar as estanterías a través do Plan Concellos foi petición do equipo directivo que é sempre o criterio que se utiliza na fixación de prioridades. En todo caso, co

novo sistema de financiamento non se vai a investir mais diñeiro municipal en obras que non sexan mantemento.

CONCELLEIRA DE FACENDA. PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO.

-Na liquidación do orzamento correspondente ó exercicio 2017 constátase o incumprimento do obxectivo da regra de gasto e do obxectivo da estabilidade orzamentaria. A lei marca que nestes casos hai a obriga de elaborar un Plan Económico Financeiro. - Estase elaborando dito Plan? - Que medidas se van a tomar?

Dende a chegada do novo interventor o día 7 de Agosto de 2018, estase traballando na elaboración de dito Plan, na medida das súas posibilidades, e tendo en conta que só ven a Salceda un día á semana

ALCALDE. PLAN DE MOBILIDADE.

-Na reunión mantida no mes de maio coa empresa que está elaborando o Plan de Mobilidade financiado pola Deputación de Pontevedra, solicitamos que se nos presentase para coñecelo antes de levalo a pleno. Posto que non temos ningunha notificación ó respecto: - Recibiron moitas enquisas? Xa teñen unha valoración das mesmas? - Cando se vai levar a pleno o Plan?

Unha vez elaborado o borrador do documento fíxose presentación/exposición do mesmo aos representantes dos grupos do PP e PSOE, a empresa está incorporando ao documento as aportacións feitas polos grupos da corporación, e unha vez rematado se enviará á Deputación para a súa validación por parte dos técnicos antes da súa aprobación."

Preguntas do grupo municipal do PP, formuladas en pleno ordinario de 22 de xullo.

Sr. Alcalde: Da lectura ás respostas das preguntas, que son as seguintes:

1 . *¿Hai algún convenio coa empresa que graba os videos que se suben ao Facebook do Concello? ¿Hai un expediente de contratación ao respecto?*

Non hai ningún convenio, a empresa ofertou os seus servicios polo período de un ano, o prezo non excede da cuantía fixada na Lei para os contratos menores. Polo que se fíxo a retención de crédito correspondente e non é necesario ningún expediente de contratación.

2. *¿Quen é o concelleiro da área de policía local?*

Jose Luis González Rodríguez.

3. ¿Cando teñen pensado autorizar ao PP a acceder á documentación solicitada do expediente “Ensanche e pavimentación pista municipal Ataúde”? Indica que levan esperando meses para consúltalo.

-A mesma situación se produce para acceder ao plan anual de limpeza e desbroce de camiños.

O Plan anual de desbroce de camiños comeza no mes de abril, priorizándose a limpeza dos viais principais dos aproximadamente 300 KM dos que consta a rede viaria municipal e finaliza en setembro ou outubro. Non existe un expediente administrativo como tal ao que se poida dar acceso.

-Aos contratos dos aparcamentos de uso público en parcelas privadas no casco urbano e arredores, estamos reagrupándoos todos nun expediente daráselle acceso nos próximos días.

Xa entregadas

3. Respecto da modificación da ordenanza reguladora do IBI, os anuncios publicados os días 4 e 13 de abril resultaron incompletos ¿Vaise corrixir ou que se vai a facer ao respecto?

Na transcripción da acta do Pleno Ordinario de 22 de decembro de 2017 onde se aprobou a modificación da ordenanza, omitiuse a parte final do acordo, é por iso que as publicacións no BOP son incompletas, porque na acta non está recollido o acordo final. No próximo pleno ordinario do mes de Agosto levarase unha proposta para incorporar á acta as partes da acordo que non se recolleron e poder publicala íntegramente.

5. En relación ao Plan Concellos, Liña 3, a asignación é de 655.000 euros e a porcentaxe máxima é do 22 % ¿Chegouse a aplicar esta porcentaxe máxima?

Si, aplicouse a porcentaxe máxima posible, tal e como recolle o cadro de estimación de costes elaborado po TLE e remitido á Deputación.

A cuantía máxima a solicitar eran 148.278,79€ e solicitaronse 146.997€

Preguntas do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentadas o 13.08.2018

Sr. Alcalde: Dáse conta da pregunta formulada polo PSdeG-PSOE seguinte:

“En relación co peche do terreo municipal existente na extrema entre Bouzavedra e Mariña, que se estaba utilizando nos últimos tempos como vertedoiro, solicitamos que se nos responda ás seguintes preguntas.

- O peche foi realizado polo Concello?

- O noso grupo solicitou que se eliminase ese “punto negro”, pero considera o grupo de goberno que a mellor opción é pechalo e non permitir o paso ás persoas que teñen propiedades que lindan con ese terreo?

- Non sería mellor, por exemplo, que o concello deixase de depositar restos de poda para dar exemplo, mantivese a zona limpa e colocase un cartel prohibindo realizar calquera tipo de vertido antes de pechar o paso que sempre existiu?”

Sr. González González: Aquel terreo utilizámolo para levar restos de poda ali, como estaba todo aberto os veciños empezaron a levar tamén cousas e aquilo converteuse un punto negro, tomamos a decisión de limpalo e pechalo, falouse cos propietarios que teñen dereito de paso e entregóuselles unha chave a cada un.

Seguimos coas preguntas correspondentes a este pleno, que se contestarán por escrito no seguinte pleno.

Sra. Tourón Domínguez, non ten sentido contestar as preguntas no seguinte pleno.

Sr. Rodríguez Davila formula as seguintes preguntas:

1.- As Concelleiras do Goberno Municipal, que exerceron o dereito de folga o pasado día 8 de marzo, cobraron por ese día ou na nómina do mes de marzo se lle descontou o día?

Sr. Núñez Troncoso formula as seguintes preguntas:

1.- Solicitouse dentro de prazo a actualización dos coeficientes do valor castastral para o ano 2019?

2.- Con respecto da liquidación 2017, a temos solicitada ¿Cando se nos vai facilitar a liquidación e os libros maiores de orzamentos de gastos e ingresos que xa temos solicitadas dende o 4 marzo?

3.- Este martes diante da biblioteca municipal estaban tocando un grupo de gaitas, quixera saber si consideran axeitado o sitio para tocar, en horas de estudio e o mesmo con respecto das instrucións dadas aos traballadores da biblioteca para selar os tickets dos callos, e a xente estudiando, considera vostede que ese é un lugar axeitado

para realizar ese tipo de traballo?

4.- Con respecto aos orzamento de 2018, como están? e o orzamento de 2019? se van a presentar ou se van a seguir cos prorrogados do 2016?

Sra. Tourón Domínguez fai as seguintes preguntas:

1.- En relación co lugar de Mariña, o Concello vai a seguir depositando desperdicios nesa parcela? Se van a seguir colocando o triturado das podas? E se van a deixar as montañas do triturado ou se pensan quitar?

2.- Con respecto da Galiña azul, considera prioritario a colocación de estanterías por encima da instalación do aire acondicionado para os nenos?

3.- Para a Concellería de parques e xardíns:

- En relación co parque Raíña Aragonta, temos constancia, que o sitio onde está colocado un elemento de xogo supón un perigo importante para os nenos mais pequenos. ¿Teñen pensado cambialo de sitio, tal como lle indicaron fai meses?
- En relación tamén co parque Raíña Aragonta ca pista de skate, tamén temos constancia de se produxo un accidente provocado polo deterioro da mesma. ¿Que tipo de mantemento se realiza nesa pista?
- Seguimos co parque: a zona de xogo dos columpios, ten o chan moi deteriorado, ¿pensa arranxarse?

4.- Para Concellería de Cultura, ensino e servizos sociais:

- ¿Que documentación se lle pide a unha Asociación rexistrada no Concello para prestarlle instalacións ou equipamento municipal? Prestación ou colaboración do Concello non económica.
- Están todas as escolas en condicións para o inicio do curso escolar?
- En relación a colocación da estrutura para a Festa dos Callos, a empresa realizou ese traballo sen medidas de seguridade, ademais de que os camións circulaban marcha a tras, ¿Teñen constancia de que a empresa utilizou as medidas de seguridade oportunas, chegou algún tipo de queixa ou denuncia ao Concello, se lle deu respostas a esas queixas?

5.- Para a Concellería de Medio Ambiente:

- Na rúa Lugo hai contenedores sen tapa ¿Se pensa repoñer as tapas ou tomar algunha medida para arranxalos?

6.- Para a Concellería de Emprego e Formación:

- ¿Solicitouse ou non a subvención, publicada no DOG do 21 de xuño, para a posta en marcha de programas integrados de emprego? Por que non se realizou solicitude?

7.- Para a Concellería de Vías e Obras:

- En relación coas estradas das parroquias ¿Teñen deseñado un plan de actuación cara ao outono - inverno en caso que se volvan a repetir os episodios de trombas de auga como ocorreu o pasado ano?
- mesmo no casco urbano, sumidoiros que están obstruídos, Teñen algún tipo de actuación relacionado con estes temas?
- Beirarrúas do casco urbano, que en varios sitios están rotas, etc... Teñen pensado proceder á reparación e a limpeza das mesmas?

8.- Para a Concellería de Seguridade:

- En relación aos redutores colocados na Lagüela na estrada que vai a Tui, teñen constancia de que se teñen producido mais de un incidente porque algunhas persoas invaden o carril contrario?¿vaise tomar algún tipo de medida ao respecto?

9.- Para a Alcaldía:

- Con respecto do inventario que se está realizando, en que grado de avance están eses traballos? E en que data se prevé traer a Pleno ese Inventario Municipal?

Sr. Rodríguez Davila: Con respecto dos redutores na Lagüela, presentaremos un rogo para que se cambien eses redutores por outros que non fagan tanto ruído, pois para os veciños que viven alí resulta insorportable.

Sr. Rodríguez Davila: Queriamos saber si todas as persoas que están utilizando a CDL están pagando a día de hoxe o seu aluguer e se segue en vigor o contrato polo que se lles asignou eses locais?

Petición de Comparecencia: COMPARECENCIA DO ALCALDE

Sr. Alcalde: Da lectura a petición de comparecencia presentada polo Grupo Municipal

do Partido Popular, seguinte:

“O Partido Popular de Salceda de Caselas, ante o que ten sucedido no Concello respecto da situación laboral dos traballadores/as que forman parte da plantilla desta administración, (Convenio laboral. negación de días propios, recoñecementos de trienios, roupa de traballo non entregada, a inexistencia de vestiarios que cumplan a normativa mínima de hixiene para os mesmos...) pero sobre todo, cos episodios de desprecio, burla, descrédito público e falla de respecto hacía os seus dereitos laborais e dignidade da persoa.

Este Grupo Municipal do Partido Popular, solicita a Comparecencia do Alcalde para que conteste ás seguinte cuestións:

- 1. ¿Ten pensado vostede, Alcalde, por enriba da mesa a vontade precisa para chegar a un acordo de convenio Colectivo para os/as traballadores/as do Concello?*
- 2. ¿O goberno vai por a disposición dos traballadores/as (especialmente para os departamentos de vías, obras e recollida do lixo) uns vestiarios que cumplan a normativa vixente?*
- 3. ¿Vai cumprir a obriga de entregar a roupa e calzado de traballo anual os/as traballadores/as?*
- 4. ¿Vai seguir con esa aptitude de imposición e falta de respecto hacia o persoal, incluso menospreciando os seus dereitos laborais?*
- 5. ¿Que ten que dicir do "cartel desafiante e inaceptable" que colocaron na porta do posto de traballo dun traballador?"*

O ROF no seu artigo 105 fala de que esa petición ten que ser votada neste pleno e no seguinte pleno ordinario ou extraordinario, si así se acepta por parte do pleno, comparecerei para dar resposta a estas preguntas, pola miña parte non vai a haber nin tipo de problema, que será no mes de setembro.

Sr. Rodríguez Davila: Matizar que as preguntas son concretas, son claras, non hai disposición pola súa parte a contestalas, así como houbo disposición na comparecencia con respecto do caso auditorio, está no seu dereito, tamén están eles no seu dereito de saber a vontade do Alcalde con respecto dos dereitos que eles están reclamando.

Sr. Alcalde: isto foi o 29 de agosto, eu estou formalmente de vacacións, eu non formo parte da mesa de negociación, que é o órgano que legalmente está establecido para

chegar a acordos, nin é o pleno, nin é a delegación do partido popular para exercer de representante sindical do traballadores. Si os traballadores que están hoxe aquí creen realmente, si o obxectivo e conseguir melloras laborais, para iso está a mesa de negociación e non o pleno. Comparecerá gustoso por todos estes temas. Eu non participo na mesa de negociación, avalo as persoas que participan, pero si alguén ten idea que o Partido Popular exerza nun pleno que non é o órgano competente para conseguir melloras que non se consegue na mesa de negociación, e me consta que algo se foi traballando e que quedou de seguir avanzando, que se saiba que está absolutamente equivocado, si o obxectivo e outro político partidista do partido popular é importante que os compañeiro/as que formamos parte desta casa o teñan moi claro. Quero tamén agradecer formalmente a dúas compañeiras que no seu período vacacional tiveron a ben, por motivos de solidariedade co restos dos compañeiros/as, permitir que todos/as cobraramos as nóminas do mes de xullo, estiveron á altura das circunstancias e favoreceron, aínda non sendo a súa competencia directa, que iso fora posible no mes de xullo. O longo de mes de setembro estarei a disposición desa comparecencia tal e como demanda o partido popular.

Sr. Rodríguez Davila: Vostede pode dicir o que teña a ben, pode darlle as votas que queira, o que non pode é cambiar a realidade dos traballadores do Concello, non é un tema que levemos aquí un ou dous meses, ven de moitos anos atrás. Este grupo ten iniciativa política de considerar o que teña a ben traer a este Pleno e polo tanto é unha das nosas competencias pedir comparecencias ante un caso grave que están sufrindo persoas que esta corporación, que representamos, temos o dereito e temos a obriga moral, persoal, de preguntarlle a vostede, como persoa de máximo responsable de esta administración, non lle permito que intente manipular a intención dese grupo. Vostede o que ten que facer e sentarse, falar e negociar, e chegar a acordos.

Sra. Tourón Domínguez: Como xa dixen antes do Grupo Socialista nunca vai a saír un rexeitamento de apoio aos dereitos e liberdades das persoas, sexan traballadores de Salceda ou de fora, nos imos a apoiar a comparecencia, creo que a transparencia, as explicacións é importante tanto para os traballadores como para o exercicio san da democracia, dicirlle ao Partido Popular que o Partido Socialista non pasa de lado dos problemas dos traballadores, nos trasladámoslles aos traballadores o noso apoio, e que era a quen llo tiñamos que trasladar e o non traer nós iniciativas non provén de ningún outro que dos propios traballadores que nos trasladaron que tivesemos independencia política neste tema, para que as reivindicacións non “caesen en saco roto” nin se desvirtuaran. Eu non vou a entrar en si é ou non é partidista isto, respectamos o que se nos solicitou por parte de algúns traballadores e a parte de respectalo vamos a apoialo e imos a estar aí. Gustaríame ter enriba da mesa unha iniciativa por parte do equipo de goberno, igual que se trouxo a de Rianxo ou a dos traballadores da RTVG

VOTACIÓN: Polo sr. Alcalde sométese a votación a comparecencia do Alcalde e o Pleno da Corporación Municipal, a aproba por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes a sesión.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE